

## Información



### **PROGRAMA ES POPUP: Espazos efémeros de emprendemento de economía social**

A través deste programa, que pon en marcha a Secretaría Xeral de Emprego, as empresas en fase de creación ou consolidación realizarán un conxunto de actividades para ter unha experiencia real de venda e lograr unha importante aprendizaxe que as axude a perfeccionar o seu modelo de negocio.

[Ver máis](#)



### **Divulgación do emprendemento e de experiencias cooperativas como modelo de éxito**

A Fundación Terra de Trasancos recibiu o alumnado do IES Monte Neme de Carballo para ensinalle como desenvolven a súa actividade baixo o modelo da economía social.

[Ver máis](#)



### **A cultura na economía social de Galicia**

Entrevistamos os diferentes membros das cooperativas Árbore Arqueoloxía, Cal 3 Fotografía, Músicos ao Vivo e Catro Ventos, que destacan a importancia da cultura como vía de traballo nas súas respectivas entidades de economía social.

[Ver máis](#)



### **Guía para poñer en marcha a túa cooperativa**

Se queres crear unha cooperativa pero descoñeces o procedemento que hai que seguir, fai clic no seguinte enlace e facilitaremosche a información que precisas.

[Ver máis](#)



# Actividades



## Economía Social MEETING | 20 maio 2019 SECTOR CULTURAL

Santiago de Compostela | Centro Sociocultural Ensanche  
Rúa Frei Rosendo Salvado 16 | De 10 a 12 horas

Intercoperación de entidades do Foro pola Economía Social Galega

Información | Inscripcións  
891 887 456 - info@espazo.coop  
www.espazo.coop

Esta actividade desenvólvese no marco do programa de Aceleración do Sector Cultural, a través do convenio de colaboración suscrito polo Consorcio Xeral de Promoción do Empleo de Galicia para o desenvolvemento do sector cultural e a promoción do emprego no ámbito do sector cultural. Información e inscricións: [info@espazo.coop](mailto:info@espazo.coop)



OBRADOIRO  
"GOBERNANZA  
COOPERATIVA NAS  
COMUNIDADES DE  
MONTES VECIÑAIS"

## Habilidades sociais para Xestión do conflito

Edición en VIGO

do 21 ao 24  
de Maio 2019



### Economía social meeting sector cultural

O obxectivo desta xornada formativa é presentar as entidades participantes, posibilitar a transferencia de experiencias, metodoloxías ou solucións para a posta en marcha de estratexias de cooperación e dar a coñecer contidos específicos das entidades do ámbito cultural.

**Datas:** 20/05/2019

**Horario:** 10:00 - 12:00 h

**Lugar:** Centro Sociocultural Ensanche, rúa de Frei Rosendo Salvado, 16, Santiago de Compostela

**Inscricións:** [formulario](#) / 881887456

[Ver máis](#)

### Aínda quedan prazas no obradoiro Gobernanza cooperativa nas comunidades de montes veciñais en Pontevedra

Este obradoiro ten como obxectivo impulsar a rendibilidade e a creación de emprego nestas superficies mediante o emprendemento de actividades económicas e baixo o modelo de negocio cooperativizado.

**Datas:** 20/05/2019 ao 24/05/2019

**Horario:** 16:00 - 19:00 h

**Lugar:** Asociación APROA, rúa de Tablada 6-8, 36001 Pontevedra

**Inscricións:** 981584783 / [agaca@agaca.coop](mailto:agaca@agaca.coop)

[Ver máis](#)

### Novo obradoiro: Habilidades sociais para a xestión do conflito

O obxectivo deste obradoiro é achegarlles habilidades sociais aos participantes para xestionar os conflitos que xorden na nosa vida, comezando por definir que é o conflito e cales son as súas fontes, os estilos de resolucións e as pautas para a xestión das situacións conflictivas.

**Datas:** 21/05/2019 ao 24/05/2019

**Horario:** 09:30 - 14:30 h

**Duración:** 20 h

**Lugar:** CIRAGAL, rúa Hernán Cortés, 15, entr. Oficina 3 (Vigo)

**Inscricións:** [formulario](#) / 986866149 / [teresa@espazo.coop](mailto:teresa@espazo.coop)

[Ver máis](#)



### **Novo obradoiro: Formación cooperativa para persoas que queren empender**

Este obradoiro ten como obxectivo presentar a cooperativa como unha opción laboral de autoemprego colectivo, descubrir as súas características e coñecer un caso real dunha cooperativa en funcionamento.

**Datas:** 21/05/2019 ao 24/05/2019

**Horario:** 09:30 - 14:30 h

**Duración:** 20 h

**Lugar:** Viveiro de Empresas, Noal, 26, Porto do Son (A Coruña)

**Inscripcións:** 981867412 (Ext:1302) / jose.pazo@portodoson.gal

[Ver máis](#)

### **Programa especializado: Formación xerencial para cooperativas e entidades de economía social**

O obxectivo é formar as persoas interesadas na mellora da xestión empresarial e a capacitación para a dirección de cooperativas, principalmente en materia fiscal.

**Datas:** 23/05/2019 ao 30/05/2019

**Horario:** 09:30 - 14:30 h e de 16:00 - 18:30 h

**Lugar:** Escola Universitaria de Estudos Empresariais, Campus Torrecedeira, aula 22, 2º andar, rúa Conde de Torrecedeira, 105 (Vigo)

**Inscripcións:** [formulario](#) / patane@espazo.coop

[Ver máis](#)



### **Rede Eusumo**

Contacte en: [comunicacion@eusumo.gal](mailto:comunicacion@eusumo.gal) ou 610 17 43 89

Máis información en:



[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)



**XUNTA DE GALICIA**